

Oferta de traballo: Contrato posdoutoral

O grupo de investigación SiDOR (Statistical Inference, Decision and Operations Research, <http://sidor.uvigo.es>) da Universidade de Vigo ofrece un contrato pos-doutoral. O candidato deberá desenvolver unha liña de investigación na área da Estatística e Investigación Operativa, preferiblemente para fortalecer algunhas das liñas estratéxicas do grupo SiDOR (estadística non paramétrica e semiparamétrica, análise de supervivencia e fiabilidade, bioinformática, teoría de xogos, modelos da investigación operativa, teoría da decisión) coa aportación de novos modelos e/ou métodos, o estudo das súas propiedades teóricas e a creación de software con aplicación a distintos eidos (economía, biomedicina, saúde, enxeñaría, finanzas, bioloxía ou medioambiente). Candidatos con outras liñas de investigación da área son tamén ben recibidos co ánimo de aumentar as capacidades do grupo.

Requisitos:

- Doutoramento en Estatística, Teoría de Xogos ou Investigación Operativa.
- Ampla experiencia investigadora avalada por publicacións relevantes a nivel internacional en revistas da área.
- Coñecementos avanzados de programación.
- Manexo avanzado de software estatístico.

Criterios de valoración:

- Curriculum vitae.
- Experiencia investigadora acreditada (publicacións en revistas da área).
- Capacidade de abordar novas liñas de investigación.
- Coñecementos de programación avanzada e manexo de software estatístico.
- Cartas de recomendación.
- Entrevista persoal.

Descrición do traballo:

- Salario bruto: 2000 euros/mes.
- Xornada de traballo semanal: 37.5 horas/semana.
- Duración do contrato: 1.5 anos prorrogables.
- Centro de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus Universitario As Lagoas-Marcosende (Vigo).

Presentación de solicitudes e prazo:

- Mediante correo electrónico dirixido a sidor@uvigo.es con tema: Praza Pos-doutoral SiDOR.
- Achegar documentación acreditativa do título de doutor e CV. Se poderán achegar cartas de recomendación.
- Prazo: ata as 14:00 horas do 26 de xaneiro de 2017.

Entrevistas persoais e resolución:

- Os candidatos preseleccionados serán convocados a unha entrevista persoal. Non se manterá correspondencia co resto dos solicitantes.
- Data estimada de resolución para a provisión da praza: 2 de febreiro de 2017.
- Data prevista de inicio do contrato: 13 de febreiro de 2017.